



# Boletín Informativo do Concello



Nº: 44 ..... MARZO 2011

## Avisos.

### FEIRA EN BOIMORTO

Como sempre o primeiro sábado de cada mes contamos coa feira no noso Concello. Este mes, polo tanto, estamos a falar do día 5 de marzo coincidindo sábado de Entroido. Se a feira continúa é grazas a vós e a vosa presenza e apoio. Entre todos/as podemos facer que funcione e así contar cun novo servizo en Boimorto.

Por petición de moitos usuarios modifícase o horario de recollida e de saída dos autobuses. Mostramos as horas de recollida (unha hora máis tarde do que se facía antes). Esperamos así mellorar este servizo.

#### Horarios de recollida dos usuarios:

Liña 1		Liña 2	
Escola de Rodieiros	10,45h	Arceo - Guerras	10,45h
Zaín	10,47h	Arceo-Canto do Balo	10,50h
Quiñoi	10,50h	Buazo - Souto	10,55h
Casilla Dos Condes	10,55h	Buazo - A Sobreira	11,00h
Corneda	11,00h	Cardeiro - Curras	11,05h
Eixón	11,05h	Cardeiro - Igrexa	11,08h
Dormeá	11,10h	Brates - Bertomil	11,12h
Ánxeles	11,15h	Brates - Tabernas	11,15h
Brea	11,20h	Brates - Igrexa	11,20h
Corredoiras	11,22h	Brates - Pousada	11,25h
Boimil	11,25h	A Cabrita	11,30h
Andabao - Arentia	11,30h	Sendelle - Marco	11,37h
Arosa	11,35h	Sendelle - Igrexa	11,42h
Brañas	11,40h	Sendelle-Franzomil	11,50h
Piñeiro	11,45h	Boimorto	12,00h
Boimorto	11,55h		

### FEIRA DE COMERCIANTES AUTÓNOMOS DE OUTLETS GALEGOS.

Este mes, ademais, imos ter cunha feira realizada polos comerciantes autónomos de Galicia. Terá lugar os días 25, 26 e 27 de marzo no pavillón municipal. Contaremos coa presenza de máis de 40 stands moi variados

e competitivos. Todos eles con iluminación propia e todo estará preparado como se dun Centro Comercial se tratará. Non podedes perder a oportunidade de acudir. Tamén teremos inchables para os máis pequenos e postos de comida.

Desde o Concello queremos informar que esta feira non supón ningún gasto e que se ofertou a posibilidade de participar na mesma aos comerciantes de Boimorto de forma gratuíta.

A feira estará en funcionamento tres días e os horarios serán os seguintes:

**Venres 25** Acto de inauguración ás 15:45h. Estades todos/as convidados.

Inicio da feira ás 16:30h.

Hora de peche ás 21:30h.

**Sábado 26** Inicio da feira ás 10:30h.

Descanso de 14:30h. ás 16:00h.

Hora de peche ás 21:30h.

**Domingo 27** Inicio da feira ás 10:30h.

Descanso de 14:30h. ás 16:00h.

Hora de clausura da feira ás 21:30h.

### INAUGURACIÓN MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA

O día 19 de marzo será a inauguración da Miniresidencia e centro de Día de Boimorto. Nas próximas datas recibirán unha carta nas súas casas cos datos concretos desta inauguración.

### Servizos Sociais

Axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade. Beneficiarios: Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia nos seguintes graos e niveis: Grao III, nivel 1 e 2 e Grao II nivel 1 e 2 ou que a solicitaran anterior á esta convocatoria.

Que a axuda solicitada derive do grao e nivel de dependencia.

Que a renda per capita da unidade familiar non supere o 125% do IPREM, para dous membros o 150% e para 1 só o 175%.

Prazo e lugar de presentación: Ata o 27 de abril de 2011 nos Servizos Sociais do Concello onde se atopan as solicitudes.

Esther/Teresa

## Cultura

### ACTIVIDADES ENTROIDO EN BOIMORTO 2011

En Boimorto temos este ano un acto moi especial e emotivo para nós como é o de facer ao escultor Suso de Marcos fillo predilecto do noso Concello. Polo tanto, con este acto imos dar comezo ao Entroido que subsiste debido a que é unha festa que invita a participar a todos/as, sen prexuízos nin distincións. Nós tamén invitamos a participar a todos/as neste acto tan especial. Dará comezo o venres 4 de marzo no local social da parroquia dos Ánxeles, onde naceu o noso homenaxeado.

#### Venres, 4 de marzo - Liñeiro (Os Anxeles).

**8 da tarde:** apertura da exposición e mostra da obra de Suso de Marcos.

**9 da tarde:** descubrimento da placa do Centro de Dinamización Social dos Ánxeles que pasará a chamarse Centro de Dinamización Social Suso de Marcos.

#### Sábado, 5 de marzo - Casa do Concello (Boimorto).

**13:30 da mañá:** acto de nomeamento de fillo predilecto do Concello de Boimorto de Suso de Marcos (escultor). Neste acto institucional, que se celebrará no Salón de Plenos da Casa Consistorial, incluiremos entrega de medalla e diploma conmemorativo.

A continuación levarase a cabo un xantar popular co homenaxeado no

Comedor do Colexio. Acudirán a esta xantar aquelas persoas que retiraran as entradas nas oficinas do Concello antes do 25 de febreiro.

#### Domingo, 6 de marzo - Polideportivo Municipal.

**16:00 da tarde:** Desfile de comparsas e carrozas de Entroido. Debido a que non se reuniu a cantidade de cuadrillas necesarias cancelase o Desfile.

**18:00 da tarde:** Baile de disfraces. Na festa haberá baile, chocolate e doces típicos do Entroido. Aquelas persoas que acudan poden colaborar traendo algún doce. O chocolate e o baile poñerá o Concello. Invitamos a todos os nosos veciños /as a que veñan disfrazados, contaremos cun grupo musical, inchables, chocolate e obradoiros para os máis pequechos.

Silvia

## Deportes

### CAMPIONATO ZONAL DE BÁDMINTON EN BOIMORTO:

O sábado día 12 terá lugar no pavillón de Boimorto o Campionato zonal de bádminton clasificatorio para o posterior Campionato Provincial a celebrar o 26. O horario da competición será de 10:00 a 14:00, entregándose posteriormente as medallas os 3 primeiros clasificados así coma os trofeos por equipos. Participarán neste campionato as categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete dos concellos de O Pino, Trazo, Vilsantar, Boimorto, Ordes e demais concellos da nosa comarca.

**Trofeo "Concello de Carral"** de Tiro con Arco: este acontecemento deportivo será o sábado 12 ás 17 horas no polideportivo de Carral. Boimorto estará representado neste campionato mediante a súa escola de tiro con arco, con deportistas que van dende a categoría esquío ata a senior. Moita sorte para eles.

César